



FINAL DE CURSO ESO CAMBIOS LOMLOE

REFERENTES:

Na guía informativa de inicio de curso, indicábase que ao respecto da organización final de curso habería que agardar a que se publicasen por parte do Ministerio e da Consellería as instrucións correspondentes.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publicou no BOE do 17 de novembro o Real Decreto 984/2021 polo que se regula entre outras, a avaliación, promoción e titulación na ESO.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou no DOG do 11 de febreiro de 2022 a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza, entre outras, a avaliación na ESO do noso sistema educativo.

CONSIDERACIÓNS:

A actualización da normativa relativa á avaliación, a promoción e, de ser o caso, á titulación é debida a que neste curso entrou en vigor a LOMLOE.

De momento a LOMLOE non se implantou en canto a contidos (farao a partir do curso que ven) que seguen a ser os da LOMCE.

En consecuencia, neste curso procede actualizar a normativa relativa á avaliación, á promoción e á titulación ata a implantación do Real Decreto LOMLOE na ESO.

CAMBIOS NA AVALIACIÓN ESO FINAL DE CURSO ESO



Ata o curso pasado:

ENTREGÁBANSE OS SEGUINTE BOLETÍNS:

BOLETÍN 1: 1ª AVALIACIÓN (1º Trimestre)

BOLETÍN 2: 2ª AVALIACIÓN (2º Trimestre)

BOLETÍN 3: 3ª AVALIACIÓN. AVALIACIÓN ORDINARIA (Final de curso.)

BOLETÍN 4: AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (Setembro para o alumnado que non aprobase tódalas materias en xuño)

Neste curso:

ENTREGARANSE OS SEGUINTE BOLETÍNS:

BOLETÍN 1: 1ª AVALIACIÓN (1º Trimestre)

BOLETÍN 2: 2ª AVALIACIÓN (2º Trimestre)

BOLETÍN 3: 3ª AVALIACIÓN. (Entregarase na 2ª semana de xuño)

BOLETÍN 4: AVALIACIÓN FINAL (Último e decisivo boletín. Entregarase a partir do 22 de xuño)



Preguntas frecuentes. Respostas.

1. Cando remata o curso?

O curso remata o 22 de xuño para todo o alumnado.

2. Cantos boletíns de notas se van a entregar?

Entregaranse un total de catro boletíns. Os tres primeiros, informativos, corresponderán ás tres sesións de avaliación parciais que se deberán facer a cada grupo ao longo do curso. O cuarto, que é onde figurarán as cualificacións definitivas de cada materia será o da avaliación final.

3. Hai avaliación extraordinaria na ESO?

Non. Xa non se fala de avaliación ordinaria e extraordinaria. Só haberá unha avaliación final a finais de xuño que será a definitiva. A avaliación extraordinaria na que se realizaban os exames no mes de setembro desaparece na etapa da ESO (só se mantén no mes de xuño para Bacharelato).

4. Se un/ha alumno/a supera unha materia nas tres avaliacións, pode suspendela na final?

Non. Se unha alumna ou un alumno ten nunha materia cualificacións iguais ou superiores a cinco, non poderá ter unha cualificación por debaixo de cinco nesa materia.

Segundo veña estipulado nos criterios de avaliación das programacións de cada materia, das cualificacións de cada unha das tres avaliacións parciais, obterase unha cualificación. Esta cualificación nunca pode minorarse na avaliación final.

5. Se un/ha alumno/a aproba tódalas materias no conxunto das tres avaliacións, ten a obriga de asistir ao centro dende que se lle da o 3º boletín ata que se lle da o da avaliación final?

Si. O curso remata o 22 de xuño para todo o alumnado. Nese período o profesorado ten a obriga de controlar a asistencia de seu alumnado como durante o resto do curso.

Ademais, o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase nestes casos á realización de actividades de apoio, reforzo e ampliación que poden significar obter unha mellor cualificación da materia xa superada unha vez rematada a terceira avaliación parcial.

6. Como saber que partes debe recuperar dunha materia despois da 3ª avaliación?

O equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado onde se concretará o que da alumno/a debe realizar para superar a materia ou parte da mesma; é dicir, as actividades de recuperación (probos, traballos, boletíns, etc).

7. Cando se levará a cabo a superación desa/s materia/s?

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase nestes casos á realización de actividades recuperación das materias con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial.